

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 8 DE ABRIL DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 8 de abril de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D SATURNINO ABETE REDONDO (PP)

D. RAMON CARRO OTERO. (PP)

D^a. BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Non asisten:

Secretario: D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, Secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 09.03.2015.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.02.2015 AO 01.04.2015.

4º) MOCIÓNS.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 01.04.2015 pola que se acorda adiantar a celebración da sesión ordinaria e que, transcrita, di:

“O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que entre o 12 e o 18 de abril de 2015 vaise a realizar a Viaxe da terceira idade 2015 con destino a Lourdes e Andorra, que coincide co día de celebración do Pleno ordinario do mes de abril que debía celebrarse o 15 de abril ás 13 horas, resolvo:

1º) Adiantar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 15 de abril ao 8 de abril, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.”

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda ratificada a resolución da Alcaldía nos seus propios termos.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 09.03.2015.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 9 de marzo de 2015, non realizándose ningún.

Sometida a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos trece membros presentes, acorda aprobala sen ningunha rectificación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.02.2015 AO 01.04.2015.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

10.02.15.- Solicitud a Consellería de Traballo e Benestar unha subvención para a contratación de 1 traballador/a desempregado/a para a realización da obra Limpeza e mantemento de zonas verdes e espazos públicos - Brión 2015.

11.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

11.02.15.- Aprobar o convenio de colaboración co Concello de Ames para a xestión compartida do programa integrado para o emprego “Inserames-Brión VIII”.

- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de licenza para segregar dúas parcelas en Aguiar.
- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de licenza para ampliar as cortes para cabalos.
- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de licenza de obra para reconstruír a cuberta dun alpendre.
- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de licenza de obras para o subministro de rede de enerxía eléctrica LBT.
- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de licenza de obras para o subministro de rede de enerxía eléctrica LBT.
- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de información urbanística sobre unha parcela.
- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de licenza de obra para a apertura dunha gardería.
- 11.02.15.- Desestimento de solicitude de licenza de actividade de almacén de conservas de produtos de pesca.
- 12.02.15.- Adxudicación á empresa Marcas Viarias SL a execución do contrato de obras de: "Seguridade viaria consistentes en obras de pintado de sinalización viaria dunha serie de urbanizacións, polo prezo de 18.616,47 €, ive incluído.
- 13.02.15.- Asinado do convenio de colaboración entre o Concello de Brión e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para apoiar o programa de "Vacacións en Paz 2015".
- 13.02.15.- Concesión dunha axuda de emerxencia municipal para o transporte metropolitano por un importe máximo de 20'00 €.
- 13.02.15.- Resolución inicio expediente sancionador de tráfico.
- 16.02.15.- Aprobación definitiva do Padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2014.
- 16.02.15.- Adxudicar á Carlos Abal Lourido, a execución do contrato de servizos de: asesoramento xurídico en materia de urbanismo, polo prezo: 30.492,00 €/tres anos, ive incluído.
- 16.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 418,59 euros (FEMP).
- 17.02.15.- Aprobación da conta xustificativa do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2014.
- 18.02.15.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondentes ós Padróns do Lixo dos anos 2012, 2013 e 2014 dun veciño.
- 18.02.15.- Declaración de deserto do procedemento de licitación para a adxudicación do contrato de servizos: "Viaxe para a Terceira Idade do Concello de Brión 2015.
- 18.02.15.- Inicio o procedemento de adxudicación do contrato do Servizo de Viaxe para a Terceira Idade do Concello de Brión para o ano 2015.
- 18.02.15.- Aprobación do expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas do servizo de Viaxe para a Terceira Idade do Concello de Brión para o ano 2015.
- 18.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.748,36 euros (facturas varias).

18.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.986,05 euros (facturas varias).

18.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 650 euros (Empresa de Estudos Sociais De Galicia S.L).

18.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 16.340,55 euros (facturas varias).

19.02.15.- Anulación de liquidación da taxa por licenza urbanística e aprobación dunha nova liquidación para desenvolver a actividade de taller de montaxe de marquesinas metálicas.

19.02.15.- Aprobación de tres liquidacións da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

20.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

23.02.15.- Adxudicación á empresa Marcas Viarias SL, o contrato de obras de: "Instalación de sinalización vertical sobre o distinto viario municipal a restaurar e completar, distribuídas dentro do termo municipal", polo prezo de 8.432,05 €, iva incluído.

23.02.15.- Adxudicación á empresa BARBATANA S.L., a execución do contrato de servizos de: escolas culturais 2015 polo prezo de: 21,25 €/hora, sen iva.

23.02.15.- Adxudicación á empresa BARBATANA S.L., a execución do contrato de servizos de: escolas deportivas 2015 polo prezo de: 22 €/hora, sen iva.

23.02.15.- Aprobación de bases para a contratación de persoal laboral temporal, exercicio 2015.

24.02.15.- Solicitud dunha subvención para a adquisición de espaxadores de sal adaptados a remolques ou vehículos todoterreno.

24.02.15.- Aprobación dun convenio de colaboración entre os concellos de Ames e Brión para a xestión compartida do servizo de obradoiro de emprego "Accede".

25.02.15.- Concesión dunha axuda de emerxencia municipal a través de 2 vales de 30 € cada un, da Campaña Brión Solidario.

25.02.15.- Incorporacións e baixas nas actividades de prevención e inserción para o curso 2014-15.

25.02.15.- Incoación expediente reposición legalidade pola construción dun muro de peche sen axustarse á licenza en Souto.

25.02.15.- Adhesión ao plan de financiamento de cuadrillas de obras e servizos da Deputación da Coruña 2015.

25.02.15.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

25.02.15.- Recoñecemento de trienios de tres laborais.

25.02.15.- Pago de gratificacións a un funcionario.

26.02.15.- Pago de nóminas do mes de febreiro e de recuperación da paga extra de decembro 2012 (cuarenta e catro primeiros días).

26.02.15.- Aprobación provisional da Matrícula de contribuíntes da Taxa por utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares, correspondente ao exercicio 2014.

26.02.15.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

26.02.15.- Aprobación provisional da Matrícula de contribuíntes da Taxa por utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares, correspondente ao exercicio 2014.

26.02.15.- Adxudicación de horas dispoñibles a un usuarios no SAF dependencia.

26.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.713,68 euros (Gas Natural SUR SDG SA).

26.02.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 10.075,08 euros (Gas Natural Servicios SDG SA).

26.02.15.- Resolución inicio procedemento sancionador de tráfico.

26.02.15.- Ingreso de 256,08 € a favor da Deputación da Coruña por cumprimento de embargo a un traballador.

26.02.15.- Ingreso de 139,32 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Negreira por cumprimento de embargo a un traballador.

26.02.15.- Concesión de anticipo de 1000 € a un traballador.

27.02.15.- Adxudicación á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA a execución do contrato de obras de: Mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos no concello de Brión, polo prezo de 86.126,77 euros, ive incluído.

27.02.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 2 de marzo.

27.02.15.- .- Aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2014.

27.02.15.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

02.03.15.- Adxudicación á empresa Viajes Halcon SAU., a execución do contrato de servizos de: vacacións para terceira idade 2015 con destino a Lourdes e Andorra, por un importe ordinario unitario de 440 €/persoa.

02.03.15.- Altas no padrón de habitantes do mes febreiro.

02.03.15.- Baixas no padrón de habitantes do mes febreiro.

03.03.15.- Inicio de expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes.

03.03.15.- Aprobación da liquidación das taxas da XGL celebrado o 2 de marzo.

03.03.15.- Convocatoria de sesión extraordinaria de Pleno a celebrar o 9 de marzo.

03.03.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

03.03.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 27.806,91 euros (cota xaneiro Mancomunidade Serra do Barbanza).

- 03.03.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 27.806,91 euros (cota febreiro Mancomunidade Serra do Barbanza).
- 05.03.15.- Aprobación provisional da Matrícula de contribuíntes da Taxa por instalacións e actividades publicitarias ocupando terreos de dominio público local, exercicio 2013.
- 05.03.15.- Solicitud dunha subvención para o servizo de socorrismo na piscina de Bastavales durante a tempada de verán 2015.
- 05.03.15.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña pagados en concepto de prezo público para a realización do “Curso de Microsoft Excel 2007”.
- 05.03.15.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo entre os anos 2010 e o ano 2014 dun veciño.
- 05.03.15.- Contratación do servizo “Avaliación do II plan de igualdade do Concello de Brión e redacción do III plan de igualdade do Concello de Brión (sen enquisa)”, á empresa EDESGA por importe de 3.751,00 € IVE incluído.
- 06.03.15.- Contratación do subministro de “Confección e instalación de toldo en lucernario do Centro Social Polivalente”, á empresa Toldos Gómez SL por importe de 3.689,29 € iva incluído.
- 06.03.15.- Adxudicación á empresa Alcomte Galicia SL a execución do contrato de obras de:Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Alfonsín, Mourentáns, Ons de Abaixo, Liñares, así como a pista de Esparís a Mourentáns e a pista de Hombre a Salaño Grande, polo prezo de 86.276,13 euros, iva incluído.
- 09.03.15.- Aprobación da lista de beneficiarios dunha nova fase de distribución de alimentos procedentes do banco de alimentos.
- 10.03.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de marzo.
- 11.03.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de febreiro.
- 11.03.15.- - Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondente ao mes de febreiro.
- 11.03.15.- Baixas de oficio no Padrón Municipal de Habitantes.
- 11.03.15.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014.
- 11.03.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 31.173,22 euros (facturas varias).
- 11.03.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 12.882,52 euros (facturas varias).
- 12.03.15.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos no Concello de Brión.
- 12.03.15.- Remisión de copia compulsada do expediente administrativo de responsabilidade patrimonial ao Xulgado Contencioso – Administrativo núm. 4 da Coruña.

- 12.03.15.- Encomendar a defensa e representación do Concello no xulgado contencioso- administrativo núm. 4 da Coruña ao letrado Carlos Abal Lourido en relación co recurso contencioso sobre expediente sobre responsabilidade patrimonial.
- 13.03.2015.- Resolución de inicio procedemento sancionador de tráfico.
- 16.03.15.- Remisión de copia compulsada do expediente administrativo de responsabilidade patrimonial ao Xulgado Contencioso – Administrativo núm. 2 de Santiago.
- 16.03.15.- Encomendar a defensa e representación do Concello no xulgado contencioso- administrativo ao letrado Carlos Abal Lourido en relación co recurso contencioso sobre expediente sobre responsabilidade patrimonial.
- 16.03.15.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de:Mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Alfonsín, Mourentáns, Ons de Abaixo, Liñares, así como a pista de Esparís a Mourentáns e a pista de Hombre a Salaño Grande.
- 17.03.15.- Delegación no funcionario José Antonio Bouzas Neo a sinatura de certificados referidos ao Padrón de Habitantes, así como dos diferentes padróns fiscais.
- 17.03.15.- Inicio expediente sancionador de tráfico.
- 18.03.15.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo entre os anos 2012 e 2014 dun veciño.
- 18.03.15.- Autorización para a celebración da festa de San Xosé no lugar de A Igrexa, Bastavales, o día 20 de marzo.
- 18.03.15.- Adxudicación á empresa Unión Fenosa SA, a execución do contrato de subministración de: “Provisión da subministración eléctrica para a execución da acometida eléctrica sita no lugar de Pedrouzos”, polo prezo de 1.471,64 €, ive incluído.
- 18.03.15.- Adxudicación á empresa Malga SL, a execución do contrato de obras de: “Acometida eléctrica no campo de fútbol de Brión, sito no lugar de Pedrouzos”, polo prezo de 4.832,00 €, ive incluído.
- 18.03.15.- Aprobación de liquidacións da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana dos anos 2012, 2013 e 2014 a unha empresa.
- 18.03.15.- Aprobación de liquidacións da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana dos anos 2012 e 2013 a tres empresas.
- 18.03.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Cableuropa SAU).
- 19.03.15.- Aprobación expediente modificación de crédito MC06/2015.
- 19.03.15.- Aprobación expediente modificación de crédito MC07/2015.
- 23.03.15.- Inicio da obra de reparación e mellora nos campos de fútbol de Brión e a Luaña e adscrición de persoal.
- 23.03.15.- Incorporación ao servizo de xantar na casa de dúas veciñas.
- 23.03.15.- Concesión dunha licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos a unha veciña.
- 23.03.15.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2014.

23.03.15.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para o desenvolvemento de Servizos Sociais durante o ano 2014.

23.03.15.- Aprobación da conta xustificativa da subvención para a realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores no ano 2014.

24.03.15.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de Soigrex-a-Os Anxeles, o día 27 de marzo.

26.03.15.- Aprobación definitiva da matrícula de contribuíntes da taxa pola utilización privativa da vía pública para facilitar a entrada a garaxes particulares do exercicio 2014.

26.03.15.- Modificacións para a baremación de solicitudes para curso 2015/2016 da Escola Infantil Municipal de Brión.

27.03.15.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondente aos anos 2013 e 2014.

27.03.15.- Delegación do exercicio das funcións da Alcaldía no Tenente de Alcalde José Pedro Cambón Fernández o día 30 de marzo.

27.03.15.- Aprobación dun Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e o Concello de Brión para o reforzo do servizo da Policía Local de Padrón con tres efectivos da Policía Local de Brión por mor da celebración da Festa de Pascua 2015.

27.03.15.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

31.03.15.- Altas padrón de habitantes do mes marzo.

31.03.15.- Baixas padrón de habitantes do mes marzo.

31.03.15.- Pago de nóminas

31.03.15.- Pago de produtividade.

31.03.15.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

31.03.15.- Ingreso de 98,85 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Negreira por cumprimento de embargo a un traballador.

31.03.15.- Solicitud a Consellería de Traballo a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012 do 16 de marzo, por importe total de 281.722,78 €.

31.03.15.- Aprobación e sinatura dunha adenda do Convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e o Concello de Brión asinado o 27 de marzo de 2015.

01.04.15.- Adianto da sesión ordinaria do 15 de abril ao 8 de abril.

01.04.15.- Convocatoria sesión ordinaria a celebrar o 8 de abril.

4º) MOCIÓNS.

D. Xesús Pena Espiña presenta para a súa inclusión na orde do día, previa aprobación da súa urxencia, a seguinte moción.

1. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO(BNG) A PROL DO MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.

“O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto- lei 8/2014, do 4 de xullo, que levar aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP non seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora póñense en mans privadas, impoñendo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Expresar o rexeitamento ao Real decreto- lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.”

D. Xesús Pena Espiña comeza desculpándose por ter presentado a moción con tan pouca antelación, e explica que a presenta porque este é a derradeira sesión do mandato e o asunto ao que se refire é importante e está na rúa.

O Sr. Alcalde mostra o seu acordo coa urxencia do asunto e apunta que o seu grupo político tamén tiña preparada unha moción ao respecto.

Sometida a votación, apróbase por unanimidade dos trece membros do Pleno a urxencia da moción e a súa inclusión na orde do día da sesión.

O Sr. Pena Espiña fai uso da palabra para expor que mediante o Real Decreto Lei 8/2014 se transfiren aos rexistradores mercantís as funcións dos rexistros civís, o que vai supor a súa privatización e conlevará o pago dun prezo polos seus servizos. Engade que, ademais, se reduce drasticamente un servizo público, que pasará a estar centralizado nas cidades, e que suporá un problema para o emprego dos traballadores dos rexistros civís. Así mesmo, tamén afectará ao tema dos datos persoais, que antes estaban manexados por funcionarios e agora non. Conclúe a súa intervención propoñendo ao Pleno que inste ao Goberno a que non mude os rexistros civís aos rexistros mercantís e que manteña o servizo público.

Fai uso da palabra D^a. Mercedes Gloria Vázquez García para preguntar se está claro que o Rexistro Civil xa non vai ser gratuíto.

Responde o Sr. Pena Espiña que non coñece exactamente o RD Lei, pero se os rexistros civís van radicarse nos rexistros mercantís seguramente vai establecerse un prezo polo servizo.

Di a Sra. Vázquez García que pregunta porque o seu partido dixo que os servizos do Rexistro Civil seguirían sendo gratuítos.

D. Xesús Pena Espiña contesta que na prensa se dicía o que van custar as vodas.

A Sra. Vázquez García sinala que non pode basearse en suposicións da prensa, e pregunta de novo que di a norma.

O Sr. Pena Espiña responde que o certo é que se van trasladar aos rexistros mercantís os rexistros civís.

D^a. Mercedes Gloria Vázquez García afirma que onte D. Jacobo Moreira lles dixo que o servizo seguiría sendo gratuíto. Engade que non entra noutras cuestións, como a do persoal dos rexistros civís, que deberán reubicar se lle afecta a norma. Para finalizar, recorda que o seu grupo político votou noutra sesión a favor do mantemento do Rexistro Civil en Brión.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que nesta moción tamén se vota manter o Rexistro Civil no concello.

A Sra. Vázquez García sinala que se non está segura de que vai haber un custo para os usuarios no pode apoiar a moción, pois no seu partido dinlle que vai seguir sendo un servizo gratuíto.

D. Xesús Pena Espiña afirma que o PP funciona vía DOG e BOE e que terá que pronunciarse acerca desta cuestión, así como sobre o destino do persoal dos rexistros civís e as outras cuestións.

D^a. Mercedes Gloria Vázquez García di que lle parece surrealista defender que os funcionarios respectan mellor a confidencialidade dos datos do Rexistro Civil. Tamén indica que, tal e como está redactada a moción, o seu grupo votará en contra.

O Sr. Alcalde fai uso da palabra para expor que a moción é clara e que nela se pide que se garanta o mantemento dos rexistros civís, e le a parte dispositiva da moción.

A Sra. Vázquez García manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción pero quere que conste que non están de acordo cos seus argumentos.

O Sr. Alcalde apunta que o seu grupo tiña preparada unha moción case idéntica e sinala que o certo é que se van traspasar os rexistros civís aos rexistros mercantís e que probablemente se cobre polos servizos. Tamén comenta que se está a falar doutras cuestións, incluso que os alcaldes xa non casarán, cando este servizo agora é de balde no concello. O certo, di, é que non están de acordo con ter que ir a Santiago para casar.

Sometida a votación a moción emendada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (BNG)(1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan rogos nin preguntas; tampouco se formularon preguntas por escrito para a súa resposta na sesión.

Antes de concluír a sesión, o Sr. Alcalde explica que esta é derradeira sesión do Pleno neste mandato, agás que deba convocarse unha extraordinaria por algún asunto urxente, polo que aproveita para agradecer aos concelleiros o traballo desenvolvido durante estes catro anos e a súa colaboración.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e vintecinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.